



Segundo exame: Parte específica

Instrucións en galego

- O exame ten 30 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
 - Opción número 1:
Se tes que facer o exame de galego,
espera as instrucións do persoal da organización.
 - Opción número 2:
Se non tes que facer o exame de galego,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
ao persoal da organización.
A persoa da organización entregarache
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. ¿Cal das seguintes NON é unha actividade de Atención Primaria?

- A) Promoción da saúde.
- B) Prevención da enfermidade.
- C) Educación sanitaria.
- D) Hospitalización a domicilio.

2. Sinala o tamaño de papel máis grande:

- A) A3.
- B) A4.
- C) A5.
- D) Todos son iguais.

3. Se o Persoal de Servizos Xerais ten que levantar un paquete pesado do chan:

- A) Ten que xuntar os pés.
- B) Ten que esmagalo para que sexa máis sinxelo de levantar.
- C) Ten que flexionar e dobrar os xeonllos.
- D) Non é función do Persoal de Servizos Xerais.

4. Tipos de recursos administrativos:

- A) Alzada, recuperación e restitución.
- B) Reposición, recuperación e revisión.
- C) Alzada, reposición e extraordinario de revisión.
- D) Alzada, reposición e restitución.

5. É obriga do Persoal de Servizos Xerais:

- A) Abrir os paquetes e correos do persoal facultativo.
- B) Gardar a confidencialidade e seguridade dos documentos e paquetes.
- C) Entregar no domicilio dos pacientes as tarxetas sanitarias devoltas por correos.
- D) As respostas B e C son correctas.

6. A categoría de Persoal de Servizos Xerais regúlase principalmente por:

- A) O Decreto 200/1993 do 29 de xullo.
- B) O Decreto 160/1996 do 25 abril e a Orde do 8 de novembro de 1996.
- C) O Real Decreto Lexislativo 8/2015.
- D) O Decreto 55/2015 do 26 de marzo.

7. Quen rexistrará as reclamacións ou suxestións presentadas no Centro de Saúde?

- A) Persoal de enfermaría.
- B) Persoal médico.
- C) Persoal de servizos xerais.
- D) Os pacientes.

8. Que é E-Saúde?

- A) A ferramenta que ten a Xunta de Galicia para comunicarse cos cidadáns.
- B) A ferramenta que ten o Servizo Galego de Saude para comunicarse cos cidadáns.
- C) A ferramenta que ten a Seguridade Social para comunicarse cos cidadáns.
- D) Unha aplicación informática do Servizo Galego de Saúde para xestionar citas médicas.

9. Cal é a lei máis importante para todas as Administracións públicas?

- A) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- B) Lei 39/2001, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- C) Lei 39/2015, do 15 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- D) Lei 15/2015, do 15 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

10. Para que se utiliza no correo electrónico a bandexa de saída?

- A) É onde están as mensaxes que estamos a recibir.
- B) É onde están as mensaxes eliminadas.
- C) É onde están as mensaxes mentras non se envían.
- D) Non existe a bandexa de saída.

11. O Decreto 55/2015 do 26 de marzo regula:

- A) A organización dos PAC.
- B) A libre elección de médico de familia, pediatra e enfermería.
- C) A creación das Unidades de Atención Primaria.
- D) O sistema de cotización sanitaria.

12. Como debe entrar o Persoal de Servizos Xerais nun ascensor coa cadeira de rodas, cando traslada a un paciente?

- A) De fronte con coidado.
- B) A cadeira de rodas de fronte e o Persoal de Servizos Xerais andando cara atrás.
- C) De fronte, rápido para non se pechen as portas.
- D) Tirando da cadeira de rodas cara atrás desde o interior do ascensor.

13. Considéranse documentos externos nun Centro de Saúde:

- A) Un electrocardiograma.
- B) Unha carta.
- C) Un vídeo de Tik Tok.
- D) Unha memoria.

14. A comunicación da alta dunha persoa traballadora no Réxime Xeral corresponde:

- A) Á propia persoa traballadora.
- B) Á Tesourería da Seguridade Social.
- C) Á empresa.
- D) Ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

15. Que é a Reprografía?

- A) É a tarefa de reproducir unha ou máis copias dun documento.
- B) É unha forma de editar imaxes.
- C) É unha forma de archivar documentos.
- D) É a forma de gardar radiografías.

16. Que documento NON é necesario para solicitar a Tarxeta Sanitaria Galega?

- A) Documento identificativo como o DNI ou o Pasaporte.
- B) Certificado dixital ou DNI electrónico.
- C) Documento do Instituto Nacional da Seguridade Social ou Instituto Social da Mariña, de recoñecemento do dereiro á asistencia sanitaria.
- D) Certificado de empadramento nun Concello de Galicia.

17. Sinala unha máquina complementaria á Reprografía:

- A) Escáner.
- B) Impresora.
- C) Grampadora.
- D) Ordenador.

18. Cada cantos anos é necesario solicitar a renovación do usuario de Chave365?

- A) Cada ano.
- B) Cada 4 anos.
- C) Cada 2 anos.
- D) Nunca.

19. Na mobilización dun paciente, a que nos referimos cando falamos dun arnés?

- A) Compoñente clave do guindastre que utilizamos para mover un paciente.
- B) Especie de chaleco para amortecer caídas.
- C) Cinto no que leva o Persoal de Servizos Xerais os utensilios de escritura.
- D) Non existe tal elemento.

20. O nivel contributivo do sistema da Seguridade Social protexe a:

- A) Toda a poboación residente en España.
- B) As persoas que cotizan por realizar unha actividade laboral e cumpren os requisitos esixidos.
- C) Unicamente ás persoas traballadoras españolas.
- D) Ás persoas sen recursos económicos.

21. Cal destas posicións é INCORRECTA?

- A) Decúbito Prono.
- B) Decúbito Radial.
- C) Posición de Fowler.
- D) Posición de Sims.

22. Indique a resposta correcta en relación co aparello Autoclave:

- A) Desconxela o instrumental utilizado nunha cura.
- B) O Persoal de Servizos Xerais estará pendente do seu acendido, funcionamento e apagado.
- C) O Persoal de Servizos Xerais utilízao para desinfectar os obxectos cos que está en contacto (bolígrafos, grampadoras, etc).
- D) Esteriliza o instrumental utilizado nunha cura para destruír todo tipo de microorganismos vivos.

23. Modalidades de atención ao paciente:

- A) Contacto directo e contacto non directo.
- B) Silencio positivo e silencio negativo.
- C) Comunicación verbal e comunicación non verbal.
- D) A postura, a mirada e os xestos.

24. No referente ao mantemento básico das instalacións, o Persoal de Servizos Xerais:

- A) Executa as reparacións eléctricas.
- B) Detecta e comunica incidencias.
- C) Solicita directamente o material ao provedor.
- D) Realiza inspeccións técnicas oficiais.

25. Os residuos clasifícanse segundo o risco que supón a súa manipulación:

- A) Radioactivos ou Reactivos.
- B) Perigosos ou non Perigosos.
- C) Lavables ou non Lavables.
- D) En frío ou a 80°.

26. O Persoal de Servizos Xerais debe coñecer as seguintes técnicas:

- A) Trasladar ao paciente a quirófano.
- B) Levantar, sentar e mover ao paciente.
- C) Explicarlle ao paciente o funcionamento do Programa LOGAS.
- D) Prescribirlle a medicación a un enfermo.

27. Sinala un aparello periférico dun ordenador:

- A) Impresora.
- B) Grampadora.
- C) Encadernadora.
- D) Tóner.

28. Segundo o Decreto 160/1996 do 25 de abril, o Persoal de Servizos Xerais:

- A) Pertence ao persoal estatutario sanitario.
- B) Traballa en Atención Primaria e forma parte do persoal de xestión e servizos.
- C) Desenvolve as súas funcións en Atención Primaria e Atención Especializada.
- D) É persoal laboral da Xunta de Galicia.

29. Segundo o Decreto 200/1993 do 29 de xullo, a Atención Primaria caracterízase por:

- A) Ser o nivel especializado de atención sanitaria.
- B) Centrarse unicamente na asistencia sanitaria.
- C) Ser o nivel básico e inicial de atención dos problemas de saúde.
- D) Prestarse só nos PAC.

30. Que sistema ofimático úsase no Servicio Galego de Saúde?

- A) Microsoft Edge.
- B) Open Office.
- C) Corel Draw.
- D) Google Maps.

Preguntas de reserva

1. Cal é a principal canle do Persoal de Servizos Xerais para comunicarse nun organismo público?

- A) O teléfono móbil privado.
- B) O Whatsapp.
- C) O teléfono Interno.
- D) Ningunha é correcta.

2. Que mide un manómetro cando falamos dunha bombona de osíxeno?

- A) A cantidade de osíxeno da bombona.
- B) A presión do osíxeno na bombona.
- C) A cantidade de mestura do osíxeno e o líquido humidificador.
- D) A presión arterial do paciente.

